

# ÍNDICE

## MATERIA

## PÁXINA

### **TÍTULO I-** OBXETO DOS ESTATUTOS. \_\_\_\_\_ 1

#### CAPÍTULO I – Constitución. Arts. 1,2,3 \_\_\_\_\_ 1

#### CAPÍTULO II- Circunstancias determinantes da cualidade de comuneiro con dereito ao desfrute do monte. Arts. 4,5. \_\_\_\_\_ 2

#### CAPÍTULO III.- Adquisición dos dereitos de veciño. Arts.6,7,8 \_\_\_\_\_ 2 9,10 \_\_\_\_\_ 3

#### CAPÍTULO IV.- Perda dos dereitos de veciño comuneiro. Arts.11,12 \_\_\_\_\_ 3 13,14,15 \_\_\_\_\_ 4

#### CAPÍTULO V.- Aproveitamentos e participación. Arts. 16,17 \_\_\_\_\_ 4 18,19 \_\_\_\_\_ 5

#### CAPÍTULO VI.- Obrigas e cargas. Arts.20,21,22,23, \_\_\_\_\_ 6 24 \_\_\_\_\_ 7

#### CAPÍTULO VII.- Plans para aproveitamento do monte. Arts.25,26 \_\_\_\_\_ 7

### **TÍTULO II-**

#### CAPÍTULO I.- Órganos de representación, administración e xestión. \_\_\_\_\_ Art. 27 \_\_\_\_\_ 7

#### CAPÍTULO II.- Asemblea Xeral: convocatoria, toma de decisións e Funcións. Arts. 28 \_\_\_\_\_ 7 29,30,31,32,33,34,35 \_\_\_\_\_ 8

#### CAPÍTULO III.- Xunta Rectora: nomeamento,sustitución, convocatoria, Toma de decisións. Arts.36,37,38,39 \_\_\_\_\_ 10 40,41,42,43,44,45 \_\_\_\_\_ 11 46 \_\_\_\_\_ 12

#### CAPÍTULO IV.- Os membros da Xunta Rectora. Arts. 46,47,48,49,50,51 \_\_\_\_\_ 12 52,53 \_\_\_\_\_ 13

#### CAPÍTULO V.- Responsabilidade dos órganos de goberno. \_\_\_\_\_ Arts.54,55,56,57,58 \_\_\_\_\_ 13

#### CAPÍTULO VI.- Impugnacións dos órganos de goberno. \_\_\_\_\_ 13 Arts. 59,60,61 \_\_\_\_\_ 14

#### CAPÍTULO VII.- Sancións. \_\_\_\_\_ Art. 62 \_\_\_\_\_ 14

#### CAPÍTULO VIII. - Extinción da comunidade. Arts. 63 \_\_\_\_\_ 14 64,65 \_\_\_\_\_ 15

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS. \_\_\_\_\_ 15

#### DISPOSICIÓN FINAL. \_\_\_\_\_ 16

ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

" O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS "

ESTATUTOS REGULADORES

DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN  
DA PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE GUDÍN

(Concello de Xinzo de Limia)

TÍTULO I

OBXETO DOS ESTATUTOS

CAPÍTULO I:

CONSTITUCIÓN.

**Art. 1.** Constitúese a COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN con capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, incluído o exercicio, tanto en vía xudicial como administrativa, de tódalas accións que sexan necesarias para a defensa dos seus intereses

**Art. 2.** 1. O presente Estatuto persegue regular, no marco da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común ( DOG nº 202, 20-10-89) e do seu Regulamento: Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ( DOG nº 186, do 23-9-92 ) o desfrute e aproveitamento dos Montes en Man Común que integran o denominado Serra do Larouco e 15 montes máis incluídos no territorio parroquial, clasificados como tais por resolución do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en data de 15 dexullo de 2005, como pertencente a Comunidade de Veciños de San Miguel de Gudín, nos concellos de Xinzo de Limia e Cualedro, (OURENSE).

2. O nome destes montes correspóndese cos que a seguir es expoñen: Serra de Larouco (integrado por 3 parcelas); A Escusa ou Penedo (integrado por 2 parcelas); Lama dos Lodiños; Gurita (integrado por 3 parcelas); O Corgo; Lama de Armental e A Millara; Poulas de Santa Mariña; Toxas, Lama das Toxas; Poulón da Raposeira; Muíños; Toxas ou Poulón; A touza e Penedos das Moreiras; As Laxas; Torgal Moreiras.

**Art. 3.** - O domicilio social da COMUNIDADE establécese na antiga escola de Gudín, concello de Xinzo de Limia.

# ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

## " O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS "

### CAPÍTULO II:

#### CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA CUALIDADE DE COMUNEIRO CON DEREITO O DESFRUTE DO MONTE.

**Art. 4.** 1) Compoñen a COMUNIDADE, sen asignación de cotas, tódalas persoas que reúnan a condición de VECIÑO da parroquia de San Miguel de Gudín.

2) A condición de VECIÑO COMUNEIRO ven determinada polo feito de ter casa aberta e residencia habitual en dito lugar, concretada na permanencia, non necesariamente continuada, de polo menos **SEIS MESES e UN DÍA ó ANO**. A non ser que en Asemblea de Veciños se acorde por unanimidade ter en conta outros criterios.

3) A tódolos fins de participación na comunidade, a cualidade de **VECIÑO COMUNEIRO** será ostentada, preferentemente, polo cabeza de familia, a non ser que por acordo interno da mesma, se designe outro membro maior de idade.

4) Considérase un só comuneiro por cada familia que viva independentemente, enténdéndose por tal feito o de facelo baixo distinto teito.

**Art. 5.**-A simple inclusión na relación de VECIÑOS COMUNEIROS, que figurará no correspondente libro de rexistro, é suficiente para acreditar os dereitos ó disfrute e aproveitamento do monte.

### CAPÍTULO III:

#### ADQUISICIÓN DOS DEREITOS DE VECIÑO COMUNEIRO.

**Art. 6** - Adquirirán o dereito e condición de VECIÑO COMUNEIRO de inmediato, sen prazo algún de espera, os fillos do lugar que se independicen familiarmente e abran casa na mencionada localidade, sempre que xa fosen residentes con anterioridade.

**Art. 7.** 1) Os veciños, instalados sen residencia previa, adquirirán o dereito ó cabo de **dous anos** do seu encuadramento no censo municipal, no que ha de figurar necesariamente como lugar de residencia a parroquia de San Miguel de Gudín coa antigüidade xa mencionada para o censo

2) Quedará excusado do requisito de antigüidade de residencia quen viñese a ocupar, por título de herdanza, a casa do comuneiro finado, se hai continuidade entre os dous.

**Art. 8** . O veciño emigrado que retorna ó lugar, recupera de inmediato os seus dereitos; sempre que cumpra as demais condicións de veciño comuneiro.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUÇO E QUINCE MONTES MÁIS"

Art. 9.-De tódolos xeitos, as persoas que no futuro queiran ostentar a condición de VECIÑO COMUNEIRO, con tódolos dereitos e obrigas inherentes a mesma, deberán solicitalo por escrito á XUNTA RECTORA, que poderá aprobar provisoriamente o exercicio do dereito, que será ratificado necesariamente na primeira ASEMBLEA XERAL que se celebre con posterioridade.

Art. 10. Os DEREITOS que asisten ós VECINOS COMUNEIROS son os seguintes:

- 1) Asistir ás reunións da ASEMBLEA XERAL, con dereito de voz e voto.
- 2) Elexir ou ser elixido para exercer cargos directivos ou de representación.
- 3) Expoñer nas ASEMBLEAS XERAIS e na XUNTA RECTORA, se é membro dela, todo aquilo que considere poida contribuir ó mellor funcionamento da COMUNIDADE, para lograr os seus fins.
- 4) Solicitar e obter as explicacións sobre administración e funcionamento da XUNTA RECTORA.
- 5) Facer uso dos servizos e bens comúns que estean a disposición da COMUNIDADE.

### CAPÍTULO IV:

#### PERDA DOS DEREITOS DE VECIÑO COMUNEIRO.

Art. 11. - Os dereitos do Veciño Comuneiro pérdense polas seguintes circunstancias:

- 1) Deixar de concurrir algúns dos requisitos esixidos para ostentar tal condición
- 2) Pasamento. (morte)
- 3) Renuncia voluntaria, con comunicación por escrito a XUNTA RECTORA, e aceptada pola ASEMBLEA XERAL
- 4) Por decisión da XUNTA RECTORA, aprobada pola ASEMBLEA XERAL, e por decisión como mínimo do 50% de tódolos membros comuneiros, por facer uso dos bens comunais en forma distinta á establecida polos Organos da Comunidade, causar graves danos nos mesmos, impedir o uso dos demais comuneiros ou incumplir algunha obriga, sen prexuízo das demais responsabilidades que tivesen lugar.
- 5) As demais causas previstas pola Lei.

Art. 12. A ASEMBLEA XERAL, poderá suspender temporalmente de tódolos dereitos ou parte deles, por un periodo non superior a cinco anos, a todo veciño comuneiro

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

que non cumpra voluntariamente o estipulado nestes ESTATUTOS e os acordos da mesma.

**Art. 13.** A perda de condición de VECIÑO COMUNEIRO non impedirá volver recuperala cando cesen as causas que a provocaron, e así sexa aprobado en ASEMBLEA XERAL, non prexudicando ós herdeiros ou causahabintes que reúnan os requisitos para obtela.

**Art. 14.** A perda da condición de VECIÑO COMUNEIRO, levará consigo, con carácter xeral, a perda ó dereito a calquera reembolso ou aportación feita a comunidade.

**Art. 15.** 1) A XUNTA RECTORA elaborará e conservará constantemente actualizado, coas altas e baixas que se produzan, o Libro Rexistro que conteña a relación de comuneiros, consonte as normas dos capítulos I, II, e III.

2) A ASEMBLEA XERAL poderá revisar en todo momento e deixar sen efecto as altas e baixas indebidas, de dita relación.

3) Ningún comuneiro dado de baixa poderá reclamar o reembolso das aportacións feitas para a explotación do monte se tivera causado alta indebidamente.

### CAPÍTULO V:

#### APROVEITAMENTOS E PARTICIPACIÓN.

**Art. 16.** Tódolos aproveitamentos e beneficios do monte pertencen exclusivamente os VECIÑOS COMUNEIROS, sen prexuízo dos compromisos que vinculen á propia comunidade con terceiros.

**Art. 17.** 1 ) O aproveitamento e desfrute do monte realizarase preferentemente, en réxime de explotación común.

2) Cando se trate de aproveitamentos que produzan rendementos pecuniarios o seu produto pertence por igual a tódolos comuneiros, conforme a seguinte distribución:

a) - **15%** para inversións en mellora, protección, accesos e servizos derivados do uso social ó que o monte poida estar destinado.

b) - **80%** para obras ou servizos comunitarios, a prioridade das cales será fixada pola ASEMBLEA XERAL.

c) - **5%** para fondos de reserva, có obxecto de facer fronte a todos ou parte dos gastos de xestión e funcionamento da comunidade.

3) A ASEMBLEA XERAL poderá variar, polo acordo da maioría mínima que estableza a lei, as porcentaxes anteriores, sen que en ningún caso o correspondente a inversión en mellora e protección do monte poida ser inferior ó **15%**

# ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

## "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

4) O aproveitamento común de carácter directo como: pastoreos, rozas, leñas, etc. será establecido polos costumes que rexen estes usos no momento de aprobarse estes ESTATUTOS; sen prexuízo de que por acordo como mínimo do **50%** da ASEMBLEA XERAL poidan adoptarse outras, para correxir deficiencias non previstas no momento de aprobarse estes.

5) Queda prohibida a extracción de materiais de construción ou terra sempre que non sexan autorizadas pola ASEMBLEA XERAL; exceptúase desta prohibición as que sexan destinadas a uso de obras da comunidade.

6) Queda prohibido o depósito de escombros de construción ou calquera outra orixe de forma indiscriminada. Debendo depositarse en lugares especialmente destinados para este fin pola ASEMBLEA XERAL, e debidamente autorizados pola autoridade competente.

**Art. 18.-1)** A Comunidade Veciñal, en ASEMBLEA XERAL pola maioría mínima que estableza a lei vixente en cada momento para actos desta natureza, poderá acordar que parte do monte poida aproveitarse de forma individual para uso gandeiro ou agrícola, mediante a distribución entre os veciños comuneiros de lotes, sortes ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuito e por periodos non superiores a once (11) anos.

2) Rematado este periodo de cesión a COMUNIDADE poderá optar polo aproveitamento en común ou proceder a un novo reparto. Neste caso os lotes que se entreguen ós comuneiros non poderán coincidir cos que os aproveitaron no periodo anterior.

3) A Comunidade de Veciños propietaria, coidará de que as parcelas cedidas estean adecuadamente cultivadas, adoptando medidas sancionadoras no caso de abandono do cultivo, e de que se poida atender a demanda de lotes por parte dos que adquiren a condición de comuneiros despois da data de distribución.

**Art. 19.** A Comunidade de Veciños propietarios poderá establecer dereitos de superficie con destino a instalacións ou edificacións ata un prazo máximo de trinta (30) anos, ou a cultivos agrícolas de **dez (10) anos**, pasando outra vez a Comunidade sen indemnización algunha, ó caducar o dereito, a propiedade de todo o instalado ou prantado. No caso de aproveitamentos forestais de arboreda, a comunidade non poderá concertar prazos superiores ós correspondentes a unha única quenda da especie prantada, nin para outra clase de aproveitamento que o da corta da árbore prantada. Tamén poderá establecer a cesión temporal, de todo ou parte do monte, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden de modo principal en beneficio directo da Comunidade de Veciños, xa sexa a título oneroso ou gratuito, necesitarán a aprobación da ASEMBLEA XERAL co voto favorable da porcentaxe mínima do censo de comuneiros que estableza a lei vixente en cada momento para este tipo de acordos.

# ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

## " O LAROUÇO E QUINCE MONTES MÁIS "

### CAPÍTULO VI:

#### OBRIGAS E CARGAS.

**Art. 20** Os gastos orixinados pola propiedade e explotación do monte deduciranse dos beneficios obtidos, se os oubese; e noutro caso prorratearanse entre os veciños comuneiros.

**Art. 21.** Tódolos COMUNEIROS teñen as seguintes OBRIGAS:

- 1) Cumprir fidedignamente os preceptos da Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, as normas destes ESTATUTOS e os acordos adoptados polos órganos da COMUNIDADE no ámbito das súas competencias.
- 2) Efectuar as aportacións obrigatorias que fixe a ASEMBLEA XERAL.
- 3) Prestar a súa garantía na proporción que fixe a ASEMBLEA XERAL ós créditos recabados para financiar as necesidades económicas da explotación do monte, salvo que renuncie ó aproveitamento correspondente.
- 4) Respetar os acordos que adopte a ASEMBLEA XERAL sobre a transformación e posta en aproveitamento do monte.
- 5) Desempeñar os cargos para os que sexan elixidos na COMUNIDADE.
- 6) Asistir ás reunións para as que sexan convocados.
- 7) Toma-las medidas necesarias para a xestión, explotación e defensa do mesmo. Velar especialmente pola prevención e loita contra os incendios forestais en coordinación coa administración pública.

**Art. 22.** Cando se produza o ingreso dun comuneiro existindo débedas pendentes da Comunidade sobre as melloras realizadas para o aproveitamento do monte, non poderá participar nos beneficios de tales inversións ata que cubra coa súa aportación a parte proporcional que lle corresponda, que estará actualizada dacordo co índice de prezos ó consumo global do tempo trascorrido, a non ser que a ASEMBLEA XERAL estime outro criterio, todo isto según o Plan de Amortización aprobado. Cos mesmos criterios reembolsaráselle, ó comuneiro que cause baixa voluntaria, a parte proporcional da súa contribución ó coste da transformación do monte, según o tempo de amortización calculado durante o cal deixe de participar no aproveitamento, agás o disposto no ultimo párrafo do artigo 15.

**Art. 23.** Nos casos nos que a ASEMBLEA XERAL estime necesario para acometer traballos no monte en obras nas que se invirta todo ou parte do 15% sinalado no artigo 17, as prestacións persoais, tódolos veciños comuneiros estarán obrigados a realizalas, ben directamente ou por substitución mediante outra persoa. A XUNTA RECTORA poderá propoñer a ASEMBLEA XERAL en caso de imposibilidade, a

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

compensación desta prestación en metálico equivalente, así como a sanción en caso de negativa, esta garantía poderá ser acordada en cada caso.

**Art. 24.** A ASEMBLEA XERAL regulará en cada caso a forma e momento de facer efectivas as cargas económicas e as prestacións personais.

### CAPÍTULO VII:

#### PLANS PARA O APROVEITAMENTO DO MONTE.

**Art. 25.** O tipo de aproveitamento e a elaboración dos plans correspondentes axustaranse o establecido pola Lei de Montes Veciñais en Man Común e ó seu Regulamento.

**Art. 26.** A Comunidade poderá facultar, co acordo previo da ASEMBLEA XERAL á XUNTA RECTORA para que realice, caso de interesar, as xestións necesarias para mancomunarse coas comunidades doutras localidades, co obxecto de levar a cabo conxuntamente os plans de explotación dos mesmos ou para algún dos seus aproveitamentos.

### TÍTULO II

#### CAPÍTULO I:

#### ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN ADMINISTRACION E XESTION

**Art. 27.** Os órganos de representación e xestión son

- 1) A ASEMBLEA XERAL
- 2) A XUNTA RECTORA

#### CAPÍTULO II:

#### ASEMBLEA XERAL CONVOCATORIA. TOMA DE DECISIONS E FUNCIONS

**Art. 28.-1)** A ASEMBLEA XERAL da que forman parte tódolos comuneiros, é o órgano supremo de expresión da vontade da Comunidade de Veciños.

2) Tódolos Veciños Comuneiros quedan suxeitos ós acordos da ASEMBLEA XERAL incluídos os ausentes residentes, ou que estando presentes abstivéronse de votar.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

**Art. 29.** A ASEMBLEA XERAL ORDINARIA convocarase obrigatoriamente unha vez ó ano, e sempre dentro dos seis meses seguintes a data do cerre do exercicio económico. Con carácter EXTRAORDINARIO poderase convocar cantas veces se considere necesario; por iniciativa da XUNTA RECTORA ou a petición dun mínimo do 20% dos COMUNEIROS, non transcurrido un prazo máximo de dous meses, neste último caso, para a súa celebración.

**Art. 30.** A ASEMBLEA XERAL quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis da metade dos COMUNEIROS e, en segunda convocatoria, cando estean polo menos un 25% dos mesmos. Entre a primeira convocatoria e a segunda tanscorrerá o tempo mínimo de **DUAS HORAS.**

**Art. 31.** As convocatorias da ASEMBLEA XERAL ORDINARIA ou EXTRAORDINARIA, serán efectuadas polo PRESIDENTE da Comunidade, mediante notificación escrita, que se fará con unha antelación mínima de dez ( 10 ) días,; expresando o lugar, data e hora en que se celebrará en 1ª e 2ª convocatoria, o seu carácter de ORDINARIA ou EXTRAORDINARIA, así como a **Orde do día** dos asuntos a tratar, e exporase durante o mesmo prazo nos lugares de costume da entidade onde radique a COMUNIDADE.

**Art. 32.** 1) Cada COMUNEIRO poderá delega-la súa representación ante a ASEMBLEA XERAL noutro COMUNEIRO, ou ben noutro membro da familia, maior de idade, que lle represente. Ninguén poderá asumir máis dunha delegación nin emitir máis dun voto.

2) En todo caso a delegación deberá ser expresa para cada ASEMBLEA XERAL a non ser que dende o primeiro momento e por escrito delegara todos os seus dereitos noutra persoa. A delegación deberá acreditarse ante a XUNTA RECTORA, cando sexa para unha asemblea, antes de ~~comenzar a reunión~~; ou ante a ASEMBLEA XERAL, cando se trate da representación para todo un periodo, ou máis, de mandato.

**Art. 33.** Os acordos tomaranse por maioría simple dos asistentes; agás nos casos nos que a Lei ou Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, ou os presentes Estatutos, requiran un quórum especial; e obrigarán a tódolos veciños comuneiros.

**Art. 34.** - 1) Do resultado da reunión levantarase a correspondente **acta**, no libro foliado e cosido, polo SECRETARIO da XUNTA RECTORA na que deberá constar a decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día sometidos a votación, expresando o número de votos a favor e en contra. Cando algún asistente queira facer constar en acta a súa oposición indicárase esta circunstancia citando o seu nome, apelidos e DNI . Esta acta será asinada por tódolos membros da XUNTA RECTOIRA.

2) Un extracto dos acordos tomados expoñerase nos lugares de costume por un periodo de **15 días a partir dos dous seguintes a reunión.**

**Art. 35.** Serán FUNCIONS da ASEMBLEA XERAL da Comunidade entender sobre:

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

- 1) Aprobación, reforma, ou revogación dos ESTATUTOS así coma dos acordos referidos a actos de disposición.
- 2) Elección do Presidente e membros da XUNTA RECTORA
- 3) Aceptación de novos comuneiros e a ratificación das admisións provisionais feitas pola XUNTA RECTORA, así como as baixas dos existentes.
- 4) O establecemento de periodos de carencia e cotas de ingreso dos novos comuneiros cando proceda.
- 5) Decidir sobre a perda total ou parcial de dereitos por parte dalgún veciño comuneiro.
- 6) Entender calquera feito, causa ou motivo de variación nos dereitos dos veciños comuneiros, aspirantes a tales ou da relación dos mesmos.
- 7) Dirimi-las discordancias entre os comuneiros.
- 8) Aproba-los orzamentos anuais, inversión de remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e contas de cada exercicio.
- 9) Aprobación de federacións, unións ou mancomunidades.
- 10) Decidi-lo outorgamento de cesións, arrendamentos, plans de aproveitamento e modificación dos mesmos, así coma toda clase de contratos a terceiros.
- 11) Aproba-la distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniarios e cargas.
- 12) Ratificar ou rectificar tódolos acordos da XUNTA RECTORA.
- 13) Acorda-la suspensión temporal do disfrute polos comuneiros que quebranten as súas obrigas coa Comunidade.
- 14) Impoñe-las sancións, coa determinación da súa contía, ós infractores das normas dictadas por estes ESTATUTOS, pola ASEMBLEA XERAL, ou pola XUNTA RECTORA.
- 15) Decidi-la interposición de accións xudiciais que se consideren necesarias para a defensa dos dereitos da Comunidade, sen prexuízo das accións e defensa que polo seu carácter urxente decidira a XUNTA RECTORA.
- 16) Autorizar á XUNTA RECTORA para o outorgamento de toda clase de contraos.
- 17) Disolver e liquida-la Comunidade.
- 18) Tódalas demais que a Lei e o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común ou estes ESTATUTOS lle confiran.

# ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

## "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

### CAPÍTULO III:

#### XUNTA RECTORA: NOMEAMENTO, SUSTITUCION, CONVOCATORIA, TOMA DE DECISIONS E FUNCIONS.

**Art. 36.** -1) A XUNTA RECTORA é o órgano de Goberno, Xestión e Representación da Comunidade.

2) Estará composta por:

- **Presidente**
- **Vicepresidente.**
- **Secretario.**
- **Tesoureiro.**
- **3 ou 5 Vogais.**

3) Os seus membros serán elixidos pola ASEMBLEA XERAL por maioría simple dos presentes, tanto en primeira como en segunda convocatoria, por un periodo de **catro anos**, renovables. Poderán participar na XUNTA RECTORA os veciños comuneiros da Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de San Miguel de Gudín, ou calquera outro membro da unidade familiar maior de idade, sempre que o titular do dereito delegue nel por escrito, que se arquivará xunto cos outros documentos que xenere a comunidade veciñal.

4) As candidaturas serán mediante listas, o seu signatario presentará a cada un dos membros que a integran e o cargo para o que son propostos.

5) O Presidente da XUNTA RECTORA ostentará a representación legal da Comunidade.

6) Nas reunións da XUNTA RECTORA nas que falte o Presidente asumirá as súas funcións o Vicepresidente, e se tamén faltase este, exercería como tal o membro de máis idade.

**Art. 37.** Os cargos da XUNTA RECTORA son honoríficos e gratuitos, sen prexuízo de que sexan compensados dos gastos que se lles ocasionen polo desempeño dos mesmos, previa aprobación dun capítulo presupostario a tal efecto.

**Art. 38.** A primeira XUNTA RECTORA será elixida na primeira ASEMBLEA XERAL que se convoque inmediatamente despois de aprobados estes ESTATUTOS, a non ser que se elixa na mesma Asemblea de aprobación dos ESTATUTOS, sendo posteriormente renovada como figura no artigo 36.

**Art. 39.** Os cargos electos da XUNTA RECTORA entenderase que son irrenunciabes, salvo dispensa da ASEMBLEA XERAL previa presentación polos elixidos de motivos que se consideren xustificados.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

**Art. 40.** As persoas que ostentan os cargos da XUNTA RECTORA cesarán nos mesmos, sendo substituídos por outros elixidos en ASEMBLEA XERAL nos seguintes casos:

- 1) Deixar de ser comuneiros ou sufrir algunha limitación nos dereitos inherentes o mesmo.
- 2) Por morte ou padecemento de calquera limitación que dificulte ou impida o normal desempeño do cargo.
- 3) Por renuncia expresa e xustificada, admitida pola ASEMBLEA XERAL.
- 4) Por remoción en ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA, por **a lo menos o 50%** do número total de comuneiros ( **a proposta** do Presidente ou mínimo de un tercio (1/3) dos membros comuneiros ).

**Art. 41.** O cese do Presidente da XUNTA RECTORA suporá, automaticamente, tamén, o cese dos restantes membros da mesma, que seguirán nos seus cargos ata a elección da nova XUNTA RECTORA.

**Art. 42.** A XUNTA RECTORA constituirase validamente coa asistencia da maioría dos seus membros e deberá reunirse, ó menos unha vez cada SEIS MESES, en sesión ordinaria, e cando o dispoña o presente ou o pida UN TERCIO dos seus membros, en sesión extraordinaria.

**Art. 43.** A convocatoria das reunións será realizada polo SECRETARIO, a cada un dos membros, con **cinco días** de antelación, como mínimo, indicando a data, hora, lugar e orde do día tanto para 1ª como para 2ª convocatoria.

**Art. 44.** As decisións adoptaranse por maioría simple, co voto de calidade do Presidente, en caso de empate, que **obrigará** a todala XUNTA RECTORA.

**Art. 45.** Son **FUNCÍONS** da XUNTA RECTORA, entender sobre:

- 1) A representación da Comunidade é levar a cabo a dirección e administración da forma máis ampla que a Lei recoñeza e cumprir as decisións da ASEMBLEA XERAL.
- 2) Os actos de administración ordinaria, incluídos o ter ó día os libros de Actas e Rexistros de Veciños Comuneiros e de contas.
- 3) A confección e presentación á ASEMBLEA XERAL de balances, contas, orzamentos, plans de aproveitamento e en xeral, propostas de todo tipo.
- 4) Propoñer á ASEMBLEA a contía das aportacións pecuniarias e das prestacións persoais ou de outra dos membros da Comunidade.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

5) Resolver provisionalmente calquera caso imprevisto nos presentes ESTATUTOS dando conta na primeira ASEMBLEA XERAL

6) Tódolos asuntos que expresamente lle delegue a ASEMBLEA XERAL

7) Tódolos aspectos que lle impón a Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento.

**Art. 46.-** Os acordos da XUNTA RECTORA faranse constar no Libro de Actas. Ó comezo de cada reunión da XUNTA RECTORA deberase ler a Acta da sesión anterior para a súa aprobación ou rectificación no seu caso: pasando a ser firmada polos membros da XUNTA RECTORA

### CAPÍTULO IV:

#### OS MEMBROS DA XUNTA RECTORA.

**Art. 47.-** Os membros da XUNTA RECTORA son os enumerados no artigo 36.

**Art. 48.-** O PRESIDENTE da XUNTA RECTORA serao tamén da Comunidade.

**Art. 49.-** As funcións propias do PRESIDENTE son:

- 1) A dirección e representación legal da Comunidade para realizar os actos ou negocios acordados polos órganos de goberno no ámbito das súas competencias.
- 2) A presidencia e dirección dos debates tanto da ASEMBLEA XERAL como da XUNTA RECTORA
- 3) Emitir voto de calidade decisorio en caso de empate.
- 4) Comparecer ante os organismos públicos para exercer todo tipo de accións legais e interpoñer os recursos pertinentes, acordados pola ASEMBLEA.
- 5) As atribucións restantes propias do cargo e as que lle delegue a ASEMBLEA XERAL ou a XUNTA RECTORA.

**Art. 50.-** Ó VICEPRESIDENTE, correspóndenlle as funcións que se lle atribúen ó Presidente no caso de que por ausencia o substituíra, e en todo caso, e a solicitude do Presidente, auxiliar a éste nas súas funcións.

**Art. 51.-** Ó SECRETARIO, correspóndelle a custodia dos libros e documentos da Comunidade, excepto os libros de contabilidade; levar ó día o rexistro de veciños comuneiros, anotando nel as altas e baixas que se produzan; redactar as actas das ASEMBLEAS XERAIS e da XUNTA RECTORA expedir certificacións con referencia ós libros e documentos da Comunidade e en xeral, todas as funcións que comunmente se lle atribúen ó seu cargo.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

**Art. 52-1)** O TESOUREIRO, será o depositario dos cartos da Comunidade, ten a función de controlar e estudar os recursos monetarios da Comunidade, a elaboración do orzamento, balance e liquidación de contas. Levar un libro de caixa, firmar os recibos que se expidan segundos casos e os demais documentos de tesourería. Pagará as facturas aprobadas pola XUNTA RECTORA

2) A Comunidade veciñal dispoñerá dunha conta aberta nunha entidade bancaria a seu nome, na que a disposición dos seus fondos esixa a firma conxunta do **Presidente**, **Tesoureiro** e **Secretario** como mínimo, sen prexuízo de que a ASEMBLEA XERAL acorde incluír a firma doutros membros da XUNTA RECTORA.

**Art. 53-** Os VOGAIS, o mesmo cós demais membros da XUNTA RECTORA teñen o deber de asistir ás reunións e ASEMBLEAS XERAIS agás causa xustificada; tendo ademais voz e voto.

### CAPÍTULO V:

#### RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

**Art. 54-** A ASEMBLEA XERAL será responsable da boa marcha da comunidade, do cumprimento das súas obrigas e dos presentes ESTATUTOS e do establecido na Lei e no Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.

**Art. 55-** A XUNTA RECTORA será responsable ante a ASEMBLEA XERAL do fiel cumprimento das funcións que lle encomenda a Lei de Montes Veciñais en Man Común e o Seu Regulamento, así como as sinaladas nestes ESTATUTOS e de todas aquelas que lle encomende a ASEMBLEA XERAL.

**Art. 56-** Os membros da XUNTA RECTORA responderán dos danos e prexuízos que ocasionen a **Comunidade**, tanto polo dolo como por culpa ou negligencia no cumprimento da súa misión.

**Art. 57-** A responsabilidade da XUNTA RECTORA será colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase os límites das facultades que lles foran conferidas e actúe a nivel persoal con terceiras persoas, en tal caso esixiráselle responsabilidade individual.

**Art. 58-** No previsto sobre as responsabilidades dos membros da XUNTA RECTORA aplicaránse as disposicións do Código Civil relativas ó mandato non retribuído.

### CAPÍTULO VI:

#### IMPUGNACIÓN DAS ACCIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

**Art. 59-** Os acordos da ASEMBLEA XERAL contrarios a Lei de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, os que infrinxan os presentes ESTATUTOS e os non adecuados ós intereses xerais da propia Comunidade, poderán ser recurridos por calquera veciño comuneiro ante os Tribunais Ordinarios.

**Art. 60-** 1) Se se trata de acordos da XUNTA RECTORA que adolezan dos mesmos defectos sinalados no artigo anterior, deberán ser impugnados, polos que se consideren prexudicados, ante a mesma no prazo de **15 días** dende a súa publicación ou coñecemento, do que quede constancia, por parte da Comunidade.

2) A XUNTA RECTORA convocará á ASEMBLEA XERAL para a oportuna resolución e o acordo adoptado por esta última poderá ser recurrido na forma prevista no artigo anterior.

**Art. 61-** 1) A ASEMBLEA XERAL poderá revocar calquera acordo adoptado por ela mesma ou pola XUNTA RECTORA

2) Cando tales acordos fosen contrarios á Lei de Montes Veciñais en Man Común, ós ESTATUTOS, ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo PRESIDENTE, a iniciativa propia ou cando o solicite calquera dos membros da XUNTA RECTORA ou o 20% dos veciños Comuneiros.

3) Se tales acordos fosen ratificados pola ASEMBLEA XERAL reunida para este fin, poderán ser executados, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra a propia Comunidade se se ordenase a súa revocación pola xurisdición competente.

## CAPÍTULO VII.

### SANCIÓNS.

**Art. 62-** Calquera incumprimento dos presentes ESTATUTOS será notificado pola XUNTA RECTORA á ASEMBLEA XERAL e proposto para sanción económica ou de perda, suspensión temporal ou redución de aproveitamento correspondente que deberán ser aprobados na súa contía e grao, para cada caso, polo máximo órgano de goberno.

## CAPÍTULO VIII.

### EXTINCIÓN DA COMUNIDADE.

**Art. 63-** A Comunidade extinguirase por calquera das seguintes causas:

1) Por disposición legal que así o ordenase.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# "O LAROUCO E QUINCE MONTES MÁIS"

2) Por renuncia de tódolos comuneiros.

3) Por perda da propiedade do monte, calquera que sexa a súa causa.

4) Por deixar de existir veciños na comunidade.

**Art. 64-** Unha vez extinguida a Comunidade procederase a súa liquidación pola XUNTA RECTORA, agás que a ASEMBLEA XERAL acorde o nomeamento de liquidadores especiais. A ASEMBLEA XERAL poderá nomear os interventores que crea convintes.

O destino dos bens será o que marque a Lei de Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.

**Art. 65-** No suposto de deixar de pertencer o monte á Comunidade e ser substituída por outros bens, se os hai, e como titular do eventual dereito de reversión no caso de expropiación, continuará a existencia da comunidade para a explotación dos novos bens.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

**PRIMEIRA:** No cumprimento do disposto no artigo décimo oitavo da vixente Lei de Montes Veciñais en Man Común, estes ESTATUTOS serán aprobados pola ASEMBLEA XERAL, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes; polo menos o 50% do censo dos comuneiros na primeira convocatoria e o 30% na segunda.

**SEGUNDA:** Unha vez aprobada a relación de veciños comuneiros, na mesma ASEMBLEA XERAL procederase a aproba-los presentes ESTATUTOS e á elección e nomeamento da XUNTA RECTORA de acordo co previsto no artigo 36º dos presentes ESTATUTOS.

**TERCEIRA:** De tódolos acordos da ASEMBLEA XERAL (actos de disposición, veciños-comuneiros, xunta rectora e estatutos) deberase dar conta ó Rexistro xeral provincial de montes veciñais para a súa constancia e efectos legais mediante unha instancia acompañada do certificado que indique os puntos aprobados xunto cos documentos ampliatorios que se precisen como son: relación orixinal de veciños comuneiros cos nomes e apelidos, DNI e sinatura de cada un, nomeamento e toma de posesión DA XUNTA RECTORA con indicación do DNI e cargos respectivos, e os estatutos asinados en tódalas follas polo menos por dúas persoas da XUNTA RECTORA elixida.

**CUARTA:** Dos presentes estatutos logo da súa remisión ó Rexistro xeral provincial de montes veciñais en man común e trala súa inscrición no mesmo que o indicará a dilixencia que conste nos estatutos remitidos polo antedito Rexistro, a XUNTA RECTORA elixida facilitar unha copia a cada vaciño comuneiro que así o solicite, sen prexuízo de ter que aboar o custe da mesma.

## ASOCIACIÓN DE COMUNEIROS

# " O LAROUÇO E QUINCE MONTES MÁIS"

### DISPOSICIÓN FINAL.

Os quorums e as porcentaxes que rexerán para a toma de acordos pola ASEMBLEA XERAL e a XUNTA RECTORA mentres non se especifiquen particularmente no articulado destes ESTATUTOS serán os seguintes:

a) Para os acordos de aprobación, reforma ou revogación de ESTATUTOS así como os referidos a actos de disposición, voto favorable da maioría dos presentes que represente ó menos o 50% do censo dos comuneiros na primeira convocatoria e o 30% dos mesmos na segunda convocatoria.

b) Para a aprobación da xestión, aproveitamentos e actos de administración en xeral, a maioría simple dos presentes, tanto en primeira como en segunda convocatoria.

No resto non previsto nos presentes ESTATUTOS rexirá a Lei e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común vixentes en cada momento, e no seu defecto, a legislación xeral.

O Presidente.



Asdo.: Ignacio Gómez Pérez.

O Vicepresidente.



Asdo.: Vicente Pazos López

O Secretario.



Asdo.: José González Parada.

O tesoureiro.



Asdo.: Rudesinda Fdez. Gómez

### OS VOGAIS



Florentino Feijóo Caramés




Secundino López Álvarez



Antonio Fonseca Díaz



José María Álvarez Segurín



Josela Gómez Calleja  
Josefa Gómez Calleja

Gudín-22 - outubro -2006.